



Maria Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a cobertura temporal de prazas de ADMINISTRATIVO/A (Expte. 2024 PSEL000012),

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 9:00 horas do día 19/07/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na **"ACTA NÚMERO 2.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS ÁS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NA FASE DE CONCURSO. REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN."**

(...) En relación ás reclamacións á puntuación outorgada na fase do concurso de méritos, constan presentadas as seguintes reclamacións:

1ª.- Escrito presentado por **Mª del Pilar Castro Gigirey**, con DNI número *****7452****, rexistrado de entrada na data 14/07/2024 co número 202400018231, no que solicita a revisión da puntuación outorgada polo Tribunal no apartado de experiencia profesional, na que obtivo unha puntuación de 0 puntos, tendo debidamente acreditados 3.392 días de servizos prestados.

2ª.- Escrito presentado por **Patricia Castelao Ferreiro**, con DNI número *****9960****, rexistrado de entrada na data 14/07/2024 co número 202400018236, no que manifesta a súa desconformidade coa valoración no apartado de curso de formación e perfeccionamento que, segundo manifesta, debería valorarse con 1,60 puntos en vez de con 1 punto que foi a puntuación outorgada polo Tribunal.

3ª.- Escrito presentado por **Cristina García Somoza**, con DNI número *****8656****, rexistrado de entrada na data 14/07/2024 co número 202400018237, no que manifesta a súa desconformidade coa valoración no apartado de curso de formación e perfeccionamento que, segundo manifesta, debería valorarse con 1,80 puntos en vez de con 1,20 puntos que foi a puntuación outorgada polo Tribunal.

Estudadas as referidas alegacións polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación presentada por Mª del Pilar Castro Gigirey, polos seguintes motivos:

- A experiencia profesional non foi valorada ó non estar debidamente acreditada, tal e como se dispón nas bases da convocatoria, en concreto na base 8.1.1. que dispón o seguinte no apartado a): **"(...) Forma de acreditación: A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e fin. A non presentación de ámbolos dous documentos (vida laboral + certificado da Administración pública de procedencia) suporá a non valoración do mérito alegado."**





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

A Sra. Castro Gigirey soamente achegou coa súa solicitude o certificado da Administración Pública de procedencia pero non o o certificado de Vida Laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, tal e como esixen as Bases da convocatoria.

SEGUNDO.- Desestimar a reclamación presentadas por Patricia Castelao Ferreiro, polos seguinte motivos:

- O curso Excel 2016 non foi valorado ó estar impartido por unha entidade privada e non contar coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público, tal e como esixen as bases da convocatoria, en concreto a base 8.1.1., apartado b) que dispón o seguinte: *“Cursos a valorar: Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta.”*

TERCEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por Cristina García Somoza polos seguintes motivos:

- O curso Libreoffice Calc non foi valorado ó estar impartido por unha entidade privada e non contar coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público, tal e como esixen as bases da convocatoria, en concreto a base 8.1.1., apartado b) que dispón o seguinte: *“Cursos a valorar: Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta.”*

CUARTO.- Que se publique no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e, de ser posible, na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal) a resolución das reclamacións presentadas.

QUINTO.- Ratificarse nas puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos.

(...) Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan as puntuacións que en cada caso se indican polo primeiro exercicio da fase de oposición:



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 22/07/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2024 09:41:25

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000012

Fecha: 05/04/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº	Apelidos e nome	Puntuación
1º	Abraldes Teira Esther	Non presentada
2º	Agrelo Rivas Ana María	18
3º	Antelo Cuns Nerea	15,2
4º	Caldevilla Pita Area	12,4
5º	Calles Alonso Brais	Non presentado
6º	Casais Rivas Iria	Non presentada
7º	Castelao Ferreiro Patricia	Non Apta
8º	Castro Gigirey Mª del Pilar	16,8
9º	Cobas Martínez Ramona Mª	Non presentada
10º	Cores Ces Cristina	Non Apta
11º	Cortizas Díaz Ana Mª	15,2
12º	Crujeiras Pérez Ángela	14,8
13º	Chedas Camba Sonia	12,4
14º	Del Río Vidal Alba	16,8
15º	Díaz Mirás Mª del Carmen	14,4
16º	Domínguez Pena Mª José	Non presentada
17º	El Haouari Zitan Kaoutar	Non presentada
18º	Fernández Gude Elena Mª	Non Apta
19º	Ferrol Sieira Silvia Mª	Non presentada
20º	Fontaiña Reiriz Marcos Manuel	Non presentado
21º	Franco Pintos José Luis	15,2
22º	Garabal Nieves Cristina	18,8
23º	García García Loreto	16
24º	García Somoza Cristina	13,6
25º	Gómez Santiago Manuel	10
26º	González Domínguez Lucía	Non presentada
27º	González Romero Gemma	11,2
28º	Hermo Romero Inés	Non Apta
29º	Jorganes Villanueva Patricia	10,4
30º	López Rilo Elena	10,8
31º	Lozano Nieto-Aguiar Alba	13,6
32º	Maneiro Quintáns Mª José	Non presentada
33º	Martínez Teira Mónica	Non Apta
34º	Martínez Torres Anxo	15,2
35º	Míguez Sampedro Mª Paloma	11,6
36º	Montemuiño Rodríguez Raquel	14
37º	Muñiz Sotelo Verónica	12
38º	Paz Boo Rosa Ana	16,8
39º	Pazos Cutrin Marta Mª	14,8
40º	Pazos Pérez Juan Manuel	Non Apto
41º	Pego Sampedro Mª Dolores	12,4
42º	Pérez Abalo Mª Flora	Non presentada
43º	Rebelo Vázquez Bruno	Non presentado
44º	Reino Guerra Laura	12,8
45º	Rey Fernández Ana	Non Apta



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 22/07/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2024 09:41:25

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000012

Fecha: 05/04/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

46º	Ríos Pena Xesús Manuel	15,2
47º	Riveiro Martínez Yolanda	14
48º	Rodríguez Álvarez Alejandra	Non presentada
49º	Romero Sobrido Cristina	Non presentada
50º	Sampedro Gómez Ana Belén	12,8
51º	Sampedro Gómez Yolanda	14
52º	Sampedro Villar Carla	Non Apta
53º	Santamaría Crujeiras Laura	10,4
54º	Sío Docampo José Manuel	19,2
55º	Tarrío Muñiz Mª Teresa	16,4
56º	Varela Crujeiras Sonia Mª	18,4
57º	Vázquez Liñeira Jorge	16,8
58º	Veira Ferrín Daniel	16,4
59º	Vidal Pego Juan Manuel	14,8

SEGUNDO.- Declarar eliminados/as os/as aspirantes que non acadaron a puntuación mínima de 10 puntos (25 respostas correctas), necesaria para superar o exercicio segundo dispón a Base 8ª, 8.1.2., apartado a).

TERCEIRO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación do primeiro exercicio da fase de oposición do xeito que se detalla no cadro anterior.

CUARTO.- De conformidade coa Base 8.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración do primeiro exercicio da fase de oposición ou respecto do contido das preguntas formuladas os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

QUINTO.- Convocar ós/as aspirantes que superaron este primeiro exercicio da fase de oposición para que o **día 30 de xullo do 2024, ás 10:00 horas** se presenten no **Centro Cultural Lustres Rivas**, sito na Rúa Manuel Lustres Rivas, nº 20, 2º andar, para a realización do segundo exercicio da fase de oposición (suposto practico), de conformidade coa Base 8.1.2 das que rexen este proceso selectivo.

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

SEXTO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014D07700V5J4G7I4S7N7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 22/07/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2024 09:41:25

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000012

Fecha: 05/04/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

